

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A DIOCESE DE SANTIAGO PARA REALIZAR INTERVENCIÓNS DE CONSERVACIÓN NOS SEGUINTE BENS DESTA ARQUIDIOCESE: COLEXIATA DE SANTA MARÍA DO CAMPO, IGREXA DE BUGALLIDO, IGREXA DE FECHA, IGREXA DE SANTIAGO DO DEÁN, IGREXA DE LUOU, IGREXA DE RODÍS.**

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2024.

**REUNIDOS**

Dunha parte, Don José López Campos, que actúa en representación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Doutra, Don Francisco José Prieto Fernández, arcebispo de Santiago de Compostela, en representación da Diocese de Santiago de Compostela, en virtude da súa condición de arcebispo, titular e responsable da diocese.

Todas as partes teñen capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio de colaboración e, para tal efecto,

**EXPOÑEN**

**Primeiro:** que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

**Segundo:** Que conforme o artigo 4º do “Convenio de Colaboración entre os bispos das dioceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia, co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa”, formalizado polo “Acordo marco entre a Xunta de Galicia e os bispos das dioceses que comprende o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia” asinado o 17 de abril de 1985, a Xunta de Galicia conforme as súas dotacións orzamentarias, asume o compromiso de contribuír ás necesidades de conservación, mellora e adecuada protección do patrimonio artístico e histórico propiedade da Igrexa Católica, así como de subvencionar ou dotar, no seu caso, os convenientes medios persoais e técnicos para a súa eficiente utilización pública.

**Terceiro:** a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, dentro dos ámbitos das súas competencia amósase receptiva a todas aquelas iniciativas culturais que teñan por obxecto a protección e a conservación do patrimonio cultural de Galicia.

**Cuarto:** Os inmobles nos que se van realizar as actuacións son:

1. Restauración da lanterna e varios na colexiata de **Santa María do Campo**, A Coruña está protexida polo seu valor cultural xa que está declarada ben de interese cultural (BIC) con categoría de monumento polo Decreto do 3.06.1931 (GAC núm. 155 do 4.06.1931).

A colexiata de Santa María do Campo situada na rúa Damas, núm. 44 é un templo de orixe románica tardía, con planta basilical de tres naves e unha ábsida na cabeceira. Tamén ten algunhas influencias góticas posteriores. Son de gran importancia a portada principal e o seu tímpano. Crese que foi construído no século XII (existindo xa en 1150).

2. Obras de mantemento e conservación da fachada principal e torre da **Igrexa parroquial de Bugallido**, Ames, A Coruña.

O inmovible denominado igrexa de Bugallido (parroquial de san Pedro) situada no lugar de Guimaráns, Bugallido, Ames que forma parte do conxunto parroquial de Bugallido, está protexido polo seu valor cultural por ter a consideración de ben catalogado ao estar incluído no catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ames do 28.06.2002 (BOP 2.08.2002) coa clave de identificación AR-09; conforme ao art. 30 e DA 2ª la Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPC). No ámbito de protección da igrexa atópase tamén o cruceiro (clave de identificación CR-19) e un peto de ánimas (clave de identificación CR20) Tamén está recollido no catálogo do Plan Básico Autonómico na ficha Ames\_34788.

A primeira igrexa construíuse en tempos medievais, período no que o beneficio, as rendas e o dereito para nomear párroco estaban divididos entre o cabido catedralicio compostelán, o arcebispo e os señores de Altamira. Co tempo o cabido acabará sendo o arrendatario máis importante e xunto coa veciñanza o principal implicado no mantemento da igrexa.

3. Restauración do campanario da **Igrexa de Santa Cristina de Fecha**, Santiago de Compostela, A Coruña

O inmovible denominado conxunto parroquial de santa Cristina de Fecha situado en Gamil, Santa Cristina de Fecha, Santiago de Compostela, está protexido polo seu valor cultural por ter a consideración de ben catalogado ao estar incluído no catálogo da Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Santiago de Compostela do 3.10.2007 (BOP 30.11.2007) na ficha C-01; conforme ao art. 30 e DA 2ª la Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPC). Forman parte do conxunto: a igrexa (ficha C-01 BIS), o cemiterio don panteóns de interese (ficha F-42) e o cruceiro no cemiterio (ficha E-02). Tamén está recollido no catálogo do Plan Básico Autonómico na ficha Santiago de Compostela\_23750.

A igrexa é unha edificación de orixe barroca de placas ou compostelán reformada en épocas posteriores. O conxunto está formado pola igrexa, o cemiterio e un cruceiro, todo rodeado por un muro, no alto do lugar de Gamil.

4. Restauración da igrexa de **Santiago do Deán**, Fase III Cubertas (Parte B Ampliada: Bóvedas + Paramentos Interiores) **Pobra do Caramiñal**, A Coruña

O inmovible denominado igrexa de Santiago e adro do Deán situado no Castelo – O Couto, Santiago do Deán, A Pobra do Caramiñal, está protexido polo seu valor cultural por ter a consideración de ben catalogado ao estar incluído no catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Pobra do Caramiñal do 25.10.2007 (BOP 22.11.2007) na ficha núm. 31; conforme ao art. 30 e DA 2ª la Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPC). Tamén está recollido no catálogo do Plan Básico Autonómico na ficha A Pobra do Caramiñal\_38222.

A igrexa de Santiago do Deán é un inmovible dunha sola nave con bóveda de cantería dividida en cinco partes por arcos lixeiramente apuntados e con ábsida poligonal na cabeceira ao que se lle engadiu unha sancristía.

5. Traballos de reparación de humidades na **Igrexa de Luou, Teo**, A Coruña

O inmovible denominado igrexa de Luou (parroquial de santa María) situado no lugar da Igrexa, Luou, Teo está protexido polo seu valor cultural por ter a consideración de ben catalogado ao estar incluído no catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Teo do 4.06.2010 (BOP 20.07.2010) na ficha núm. R-13; conforme ao art. 30 e DA 2ª la Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPC). Tamén está recollido no catálogo do Plan Básico Autonómico na ficha Teo\_17436.

A igrexa data do século XVIII e é de estilo barroco. Ten planta de cruz latina dunha soa nave con cruceiro e presbiterio destacados.

A fábrica é de sillería e cantería de granito. A fachada ten unha porta con tornachoivas e recadrado xeral da fachada.

6. Cambio de cuberta na nave e ábsida da **Igrexa de San Martiño de Rodís, Cerceda**, A Coruña

O inmovible denominado igrexa de Rodís (parroquial de san Martiño) situado no Adro, Rodís, Cerceda está protexido polo seu valor cultural por ter a consideración de ben catalogado ao estar incluído no inventario das Normas subsidiarias provinciais de planeamento da provincia da Coruña no concello de Cerceda do 3.04.1991 (DOG 16.04.1991). Tamén está recollido no catálogo do Plan Básico Autonómico na ficha Cerceda\_34242.

A igrexa parroquial é de estilo románico. A planta é dunha nave con presbiterio destacado na planta e no alzado. A fábrica é de sillería de granito de boa labra e despece regular nas zonas do século XVIII.

**Quinto:** A xustificación das intervencións poden resumirse en:

### 1. Colexiada de Sta. María do Campo:

A edificación destinada a igrexa en xeral ten bo estado de conservación aínda que presenta unha deterioración grave da lanterna de madeira que está colonizada por fungos e podremia, posiblemente polo efecto da humidade e das abundantes filtracións de auga que poñen en risco as suxeicións desta.

Prodúcense filtracións de auga tamén a través dunha xanela colocada na fachada este, que deteriorou os acabados interiores así como a suxeición dos barrote de seguridade.

O encontro entre a cuberta da pequena capela acaroada á fachada este e ao norte da xirola, tamén ten filtracións de auga que están a afectar ao interior, manifestándose fundamentalmente na existencia de mofo e fungos que están a cubrir case a totalidade da cúpula, así como a alteración das policromías dos arcos de pedra e dos retablos da Virxe.

### 2. San Pedro de Bugallido:

Os principais factores de alteración causantes do estado actual do inmobile son:

- Ambientais: intimamente relacionados coa climatoloxía. O clima da zona ten unha serie de características particulares que incide no comportamento dos materiais expostos á intemperie, e polo tanto sometidos ás súas incidencias. Relacionado directamente coa orientación da fachada, o soleamento e os ventos dominantes húmidos procedentes do SO son unha causa importante que afecta o estado de conservación, provocando a súa deterioración. Móstranse afectadas as catro caras da torre pero con máis virulencia as oeste e sur. Outra das grandes evidencias é a ausencia de morteiros en moitas das xuntas da fábrica de cantería.

- O propio material que a compón que é granito.

É excesivamente poroso o que facilita a acción de desgaste provocada polo vento e a choiva. A meteorización do granito, a presenza de árbores nas proximidades e a falta de rexuntado nunha importante superficie dos paramentos, fan que se acumule substrato no que proliferan as especies vexetais de porte importante que aceleran o proceso de meteorización e a perda de morteiro de rexuntado.

- A falta de mantemento que provoca a obturación das canles de desaugadoiro labrados nas cornixas o que non fai máis que aumentar o caldo de cultivo para o desenvolvemento de plantas superiores.

- Por último, sobre determinadas superficies verticais e practicamente en todas as horizontais ou inclinadas, apréciase unha colonización por musgos que lle dan un ton verdoso á fábrica. Tamén se aprecia a importante colonización por liques.

### 3. Santa Cristina de Fecha

No 2022 un raio caeu sobre o campanario desfacendo toda a estrutura. Varios fragmentos quedaron inestables na parte superior e outros caeron sobre o tellado, o que provocou estragos neste.

As pezas que formaban a espadana atópanse en bastante mal estado de conservación, fragmentadas e depositadas no atrio da igrexa en numerosos anacos en distinto estado de conservación. Na avaliación previa semella que se conservan gran parte das pezas. A

caída das pezas e o impacto do lóstrego provocaron roturas, fisuras e fragmentación das pezas. O depósito a nivel do chan contribúe á colonización biolóxica das distintas pezas e a acelerar a súa deterioración.

#### 4. Santiago do Deán, Pobra do Caramiñal

Como continuación dos traballos de renovación da cuberta do templo é preciso unha actuación nas súas bóvedas.

As bóvedas existentes na igrexa son de ladrillo e cemento armado, dispostas nos cinco tramos da nave e que foron instaladas na terceira década do século XX. Na actualidade mostran un estado de deterioración progresivo e preocupante polo que se pretende a súa substitución.

#### 5. Igrexa de Luou, Teo

A torre do campanario da igrexa ten unha xeometría complexa, que fomenta a colonización de plantas superiores e musgos. Esta colonización deteriora o rexuntado da fábrica e favorece a entrada de auga e impide a súa evaporación. Xa que logo hai unha presenza importante de humidade procedente da torre do campanario da igrexa que nos días de moita chuvia chegan ata a tribuna, poñendo en risco a conservación do edificio.

#### 6. Igrexa de San Martiño de Rodís, Cerceda

O mal estado tanto da estrutura coma do material de acabado da cuberta da nave e da ábsida está provocando danos que ameazan a conservación e a estabilidade do inmovible, polo que é preciso a substitución destas cubertas para garantir a preservación do ben.

Tamén se atopa moi deteriorado o coro e a instalación de iluminación está obsoleta polo que necesitan dunha restauración e renovación.

Neste momento non existe instalación de protección contra os raios.

**Sexto:** É necesario establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Diocese de Santiago de Compostela para desenvolver as seguintes actuacións: Restauración da lanterna e varios na Colexiata de Santa María do Campo, A Coruña (1); Obras de mantemento e conservación da fachada principal e torre da Igrexa Parroquial de Bugallido, Ames, A Coruña (2); Restauración do campanario da Igrexa de Santa Cristina de Fecha, Santiago de Compostela, A Coruña (3); Restauración da Igrexa de Santiago do Deán, Pobra do Caramiñal (4); Traballos de reparación de humidades na Igrexa de Luou, Teo (5); Cambio de cuberta na nave e ábsida da Igrexa de San Martiño de Rodís, Cerceda, A Coruña (6), obxecto deste convenio, sendo as partes coñecedoras da importancia que ten a colaboración mutua en materia de conservación e protección do noso patrimonio cultural e máis neste caso particular, pola relevancia social e importancia deste monumento e polo interese sobresaínte do inmovible que lle outorga a súa longa historia e o seu valor cultural por ter a consideración de ben catalogado.

## **CLÁUSULAS**

### **Primeira: obxecto do convenio.**

É obxecto do presente convenio regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Diocese de Santiago de Compostela para desenvolver as obras: Restauración da lanterna e varios na Colexiata de Santa María do Campo, A Coruña (1); Obras de mantemento e conservación da fachada principal e torre da Igrexa



Parroquial de Bugallido, Ames, A Coruña (2); Restauración do campanario da Igrexa de Santa Cristina de Fecha, Santiago de Compostela, A Coruña (3); Restauración da Igrexa de Santiago do Deán, Pobra do Caramiñal (4); Traballos de reparación de humidades na Igrexa de Luou, Teo (5); Cambio de cuberta na nave e ábsida da Igrexa de San Martiño de Rodís, Cerceda, A Coruña (6).

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia, para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que o estado de deterioro progresivo dos elementos obxecto da intervención á que se refire este convenio pon en grave risco a conservación dos elementos construtivos, estruturais e funcionais do inmovible e das decoracións e demais elementos característicos que conforman e configuran o seu valor cultural e xustifican a súa protección.

Por outra banda, a intervención obxecto do presente convenio está incluída no Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo Conservar o patrimonio cultural galego, que inclúe actuacións en catedrais, mosteiros, conventos, abadías, igrexas e patrimonio eclesiástico galego.

O convenio ten por finalidade xeral garantir a adecuada conservación deste monumento co fin de manter e promover a súa funcionalidade e significación relixiosa e cultural e poñer en valor, impulsar e acrecentar a súa función cultural e manter e desenvolver, de forma sostible, os recursos e potencialidades que posúen os valores culturais do monumento.

## **Segunda: achega económica.**

Nestas actuacións vanse executar as obras precisas:

### ***1. Restauración da lanterna e varios na Colexiata de Santa María do Campo, A Coruña***

A restauración centrarase nos seguintes traballos e zonas:

#### **A. Lanterna.**

- Procederáse á desmontaxe e desprazamento a taller do conxunto para a eliminación das partes que se atopan totalmente danadas, tentando recuperar aquelas que se atopan en bo estado para lograr a restauración do conxunto. Consiste na reposición ou reprodución das condicións orixinais podendo incluír, se procede, a reparación ou substitución puntual de elementos estruturais, a fin de asegurar a estabilidade e funcionalidade do conxunto, sempre que ditas reparacións ou substitucións non alteren as características morfolóxicas do elemento orixinal. Para a realización dos traballos utilizarase o mesmo tipo de madeira, e na súa falta madeira de iroko, preparada para lacar en cor branca mate, tanto polo exterior como no interior. - O acabado exterior da cuberta levarase a cabo mediante pranchas de chumbo engatillado de  $e = 3$  mm colocado sobre un panel lixeiro de nódulos cara ao exterior. Irá colocado sobre a estrutura e entaboados de madeira de iroko que conforma a cúpula. Utilizarase tamén o chumbo para reforzar as unións da lanterna coa cachotería de pedra de granito existente para garantir a estanquidade do conxunto e evitar as filtracións de auga que existen na actualidade. - Os vidros serán laminados tipo "Stadip" para mellorar a seguridade en caso de rotura.

B. Ventá situada no muro este e que ten filtracións de auga cara ao interior do templo. - Procederáse á desmontaxe e desprazamento a taller da carpintería para a restauración

do conxunto, eliminando as partes da madeira que se atopan totalmente danadas, tentando recuperar aquelas que estean en bo estado. En caso de ser necesario, utilizarase madeira de iroko para substituír as zonas irrecuperables. Unha vez restaurada colocarase no lugar de orixe, a haces exteriores como na actualidade, reforzando os encontros desta co muro de cachotería de granito mediante selado e impermeabilización destes, rexuntando en profundidade as xuntas de pedra e colocando goterón de chapa de chumbo para evacuar a auga que discorre pola fachada. - Cara ao interior retirárase a fábrica de ladrillo existente para substituíla por outra nova que poida albergar a carpintería así coma os elementos de protección e os barrotes de ferro forxado. A fábrica enlucirase con morteiro de cal e forrarase na súa parte interior cunha chapa de ferro pavonado, igual que os barrotes para lograr a integración do conxunto. - Os vidros serán laminados tipo “Stadip” para mellorar a seguridade do conxunto.

C. Cuberta-muro. - O encontro entre a cuberta da capela situada ao nordés e o muro da nave ten filtracións de auga cara ao interior do templo e ademais da presenza de auga, supón un aumento da humidade no interior xerando a proliferación de fungos e mofos que manchan de verdín o interior da cúpula, os arcos.... Procederáse a limpar o encontro entre a cuberta plana e o muro, retirando a vexetación existente e rexuntando as unións en profundidade para posteriormente colocar unha impermeabilización de chapa de chumbo que permita recoller e evacuar a auga evitando as filtracións ao interior. - Non se cambiará nin se alterará ningún dos elementos existentes.

## **RESUMO DO ORZAMENTO DAS OBRAS**

A estimación do orzamento total da obra é de **59.559,88 € (IVE incluído)**, coa seguinte desagregación:

|                                                    |                    |
|----------------------------------------------------|--------------------|
| Total execución material.....                      | 41.363,90 €        |
| Gastos xerais 13%.....                             | 5.377,31 €         |
| Beneficio industrial 6%.....                       | 2.481,83 €         |
| Presuposto sen IVE.....                            | 49.223,04 €        |
| IVE 21%.....                                       | 10.336,84 €        |
| Orzamento total da obra.....                       | 59.559,88 €        |
| O importe total estimado da actuación resúmese en: |                    |
| Importe obra.....                                  | 59.559,88 €        |
| Importe honorarios redacción PBE.....              | 1.815,00 €         |
| Importe honorarios DF.....                         | 1.996,50 €         |
| <b>TOTAL.....</b>                                  | <b>63.371,38 €</b> |

## **2. Obras de mantemento e conservación da fachada principal e torre da Igrexa parroquial de Bugallido, Ames, A Coruña.**

Os traballos a levar a cabo nesta intervención, de xeito resumido son:

- Revisión das ancoraxes das pezas de cantería dispostas na zona da cuberta que forman beirados, cornixas, impostas... así coma a súa restauración mediante limpeza superficial,

desbiotización, selado de fisuras, cosidos, reparación das ancoraxes, grampas e enchumbados; recheo de xuntas con morteiro de cal, rexuntado final e reintegracións volumétricas no caso de ser preciso.

- Revisión do estado dos encontros da torre coa cuberta da igrexa, reparación destes onde sexa preciso así como formación de canles revestidas de chumbo e resolución dos solapes e encontros con paramentos verticais con lámina impermeable e chumbo.
- Revisión, reparación e substitución (se fose preciso) dos elementos de ancoraxe da cúpula.
- Nas fábricas en xeral: limpeza manual, restauración de cantería, execución de enxertos e reintegracións, desbiotización, selado de microfisuras, inxeccións con morteiro fluído de cal hidráulico e impermeabilización superficial da fábrica pétreo en superficies horizontais.
- Picado dos enfoscados de morteiro interiores na contrafachada e retirada de morteiro das xuntas. Posterior rexuntado e enfoscado con morteiro de cal.
- Restauración de elementos singulares segundo o criterio establecido no proxecto de restauración específico, como son: pináculos, balaustradas e bólas; restauración da portada en función dos resultados dos estudos previos que se executen; restauración da escultura da fornela; bóveda da entrada e superficies de teitos nos corpos altos da torre.
- Restauración de elementos de madeira e ferraxes das campás.

## **RESUMO DO ORZAMENTO DAS OBRAS**

A estimación do orzamento total da obra é de **98.823,16 €** (IVE incluído), coa seguinte desagregación:

|                                                    |                     |
|----------------------------------------------------|---------------------|
| Total execución material.....                      | 68.631,96 €         |
| Gastos xerais 13%.....                             | 8.922,15 €          |
| Beneficio industrial 6%.....                       | 4.117,92 €          |
| Presuposto sen IVE.....                            | 81.672,03 €         |
| IVE 21%.....                                       | 17.151,13 €         |
| Orzamento total da obra.....                       | 98.823,16 €         |
| O importe total estimado da actuación resúmese en: |                     |
| Importe obra.....                                  | 98.823,16 €         |
| Importe honorarios DO.....                         | 3.388,00 €          |
| Importe honorarios DEM+CSS.....                    | 3.025,00 €          |
| <b>TOTAL.....</b>                                  | <b>105.236,16 €</b> |

### **3. Restauración do campanario da Igrexa de Santa Cristina de Fecha, Santiago de Compostela, A Coruña**

A actuación consiste de xeito resumido en:

- Revisión e ampliación do proxecto específico de restauración onde aparezan descritos de xeito pormenorizado as actuacións, técnicas e produtos; xunto coa identificación dos fragmentos de maior e menor tamaño na medida do posible. Realización dun mapa gráfico coa previsión de zonas a reintegrar volumetricamente e a ubicación das pezas identificadas que se siglarán por duplicado con cinta e lapis.
- Implantación de medios auxiliares (estadas e/ou guindastre).
- Tratamento das pezas: limpeza en seco, aplicación de biocida, eliminación de colonización biolóxica, lavado, realización de probas de sales e consolidación segundo proceda.
- Montaxe das pezas no campanario. As pezas de menor tamaño uníranse mediante varillas de fibra corrugadas e resina epoxídica. O resto das pezas de maior tamaño



colocaranse no seu sitio correspondente respetando na medida do posible os espigos e caixeados orixinais. Para o asento das pezas usaranse varillas de fibra ou aceiro inox tomadas con resina.

- Encintado das unións con morteiro tradicional de cal hidráulica e area de sílice entonando con pigmentos terra de ser preciso.
- Memoria de intervención que describa os tratamentos, produtos e técnicas usadas que inclúa unhas instrucións para o correcto mantemento do ben.

## RESUMO DO ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

A estimación do orzamento da restauración e os medios auxiliares é de **41.751,05 €** (IVE incluído), coa seguinte desagregación:

|                   |             |
|-------------------|-------------|
| Restauración..... | 31.255,00 € |
| IVE 21%.....      | 6.563,55 €  |
| Total.....        | 37.818,55 € |

|                        |            |
|------------------------|------------|
| Medios auxiliares..... | 3.250,00 € |
| IVE 21%.....           | 682,50 €   |
| Total.....             | 3.932,50 € |

|                                |            |
|--------------------------------|------------|
| Dirección da restauración..... | 1.673,00 € |
| IVE 21%.....                   | 351,33 €   |
| Total.....                     | 2.024,33 € |

O importe total estimado da actuación resúmese en:

|                                                   |                    |
|---------------------------------------------------|--------------------|
| Importe da restauración + medios auxiliares ..... | 41.751,05 €        |
| Honorarios dirección da restauración.....         | 2.024,33 €         |
| <b>TOTAL.....</b>                                 | <b>43.775,38 €</b> |

## **4. Restauración da igrexa de Santiago do Deán, Fase III Cubertas (Parte B Ampliada: Bóvedas + Paramentos Interiores) Pobra do Caramiñal, A Coruña**

Os traballos a levar a cabo nesta intervención, de xeito resumido son:

- Levantamento fotogramétrico da nave da igrexa e estudo histórico das bóvedas de madeira.
- Demolición das bóvedas de ladrillo e cemento.
- Formación de novas bóvedas de madeira a base de tesoiras con arcos compostos á súa vez de pezas ou camóns curvos de madeira laminada unidas na testa. Incluso superficie inferior vista acabada a base de elementos de madeira a modo de estrutura tridimensional de madeira.
- Restauración dos paramentos interiores da igrexa.
- Formación da preinstalación de electricidade.

## RESUMO DO ORZAMENTO DAS OBRAS

A estimación do orzamento total da obra é de **224.590,00 €** (IVE incluído), coa seguinte desagregación:

|                               |              |
|-------------------------------|--------------|
| Total execución material..... | 155.976,11 € |
|-------------------------------|--------------|



|                                                    |                     |
|----------------------------------------------------|---------------------|
| Gastos xerais 13%.....                             | 20.276,89 €         |
| Beneficio industrial 6%.....                       | 9.358,57 €          |
| Presuposto sen IVE.....                            | 185.611,57 €        |
| IVE 21%.....                                       | 38.978,43 €         |
| Orzamento total da obra.....                       | 224.590,00 €        |
| O importe total estimado da actuación resúmese en: |                     |
| Importe obra.....                                  | 224.590,00 €        |
| Importe honorarios + estudos complementarios.....  | 25.410,00 €         |
| TOTAL.....                                         | <b>250.000,00 €</b> |

#### **5. Traballos de reparación de humidades na Igrexa de Luou, Teo, A Coruña**

Os traballos previstos son, de xeito resumido:

- limpeza da pedra do campanario e da fachada principal
- eliminación de raíces e plantas
- rexuntado e encintado do campanario e beiril.
- substitución da porta de acceso ao campanario, colocando outra porta metálica e impermeabilización dos encontros coa pedra.

#### **RESUMO DO ORZAMENTO DAS OBRAS**

A estimación do orzamento total da obra é de **29.827,71€** (IVE incluído), coa seguinte desagregación:

|               |                    |
|---------------|--------------------|
| Importe ..... | 24.651,00 €        |
| IVE 21%.....  | 5.176,71 €         |
| TOTAL.....    | <b>29.827,71 €</b> |

#### **6. Cambio de cuberta na nave e ábsida da Igrexa de San Martiño de Rodís, Cerceda, A Coruña**

Os traballos previstos son, de xeito resumido:

- desmontaxe da estrutura e material de acabado das cubertas da nave e ábsida e instalación dunha nova cuberta con estrutura de madeira e acabado de tella cerámica
- rehabilitación do coro actuando na súa estrutura, varanda e escaleira de acceso - nova instalación de iluminación interior
- montaxe de instalación de protección contra os raios.

#### **RESUMO DO ORZAMENTO DAS OBRAS**

A estimación do orzamento total da obra é de **149.692,00 €** (IVE incluído), coa seguinte desagregación:

|                               |              |
|-------------------------------|--------------|
| Total execución material..... | 103.960,00 € |
| Gastos xerais 13%.....        | 13.514,80 €  |
| Beneficio industrial 6%.....  | 6.237,60 €   |
| Presuposto sen IVE.....       | 123.712,40 € |
| IVE 21%.....                  | 25.979,60 €  |



Orzamento total da obra.....149.692,00 €

O importe total estimado da actuación resúmese en:

Importe obra.....149.692,00 €

Importe honorarios redacción PBE.....7.623,00 €

**TOTAL.....157.315,00 €**

**ACHEGAS DA Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, por anualidades:**

| ANUALIDADES                                             | 2024                |                | 2025                |                | TOTAL               |                 |
|---------------------------------------------------------|---------------------|----------------|---------------------|----------------|---------------------|-----------------|
|                                                         | Importe             | %              | Importe             | %              | Importe             | %               |
| <b>1. COLEXIATA DE SANTA MARIA DO CAMPO</b>             |                     |                |                     |                |                     |                 |
| Obra + honorarios                                       | 63.371,38 €         | 100,00 %       | 0,00 €              |                | 63.371,38 €         | 100,00 %        |
| <b>2. IGREXA DE SAN PEDRO DE BUGALLIDO</b>              |                     |                |                     |                |                     |                 |
| Obra + honorarios                                       | 105.236,16 €        | 100,00%        | 0,00 €              |                | 105.236,16 €        | 100,00 %        |
| <b>3. IGREXA DE SANTA CRISTINA DE FECHA</b>             |                     |                |                     |                |                     |                 |
| Restauración + medios auxiliares + honorarios dirección | 43.775,38 €         | 100,00%        | 0,00 €              |                | 43.775,38 €         | 100,00 %        |
| <b>4. IGREXA DE SANTIAGO DO DEÁN</b>                    |                     |                |                     |                |                     |                 |
| Obra + honorarios e estudos complementarios             | 96.800,00 €         | 38,72%         | 153.200,00 €        | 61,28%         | 250.000,00 €        | 100,00 %        |
| <b>5. IGREXA DE LUOU</b>                                |                     |                |                     |                |                     |                 |
| Obra                                                    | 29.827,71 €         | 100,00 %       | 0,00 €              |                | 29.827,71 €         | 100,00 %        |
| <b>6. IGREXA DE SAN MARTIÑO DE RODÍS</b>                |                     |                |                     |                |                     |                 |
| Honorarios redac PBE + obra                             | 99.553,42 €         | 63,28%         | 57.761,58 €         | 36,72%         | 157.315,00 €        | 100,00 %        |
| <b>Total</b>                                            | <b>438.564,05 €</b> | <b>67,52 %</b> | <b>210.961,58 €</b> | <b>32,48 %</b> | <b>649.525,63 €</b> | <b>100,00 %</b> |

As achegas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude non poderán superar, en ningún caso, o importe a subvencionar de 649.525,63 €:

- Obras de restauración: investimento realmente realizado e debidamente xustificado ata un máximo de 604.243,80 €
- Honorarios da dirección facultativa: 45.281,83 €

Prevese que poidan realizarse pagos parciais contra gastos debidamente xustificadas das certificacións da obra. En todo caso o prazo máximo de xustificación será, para cada unha das dúas anualidades, o día 30 de novembro do ano correspondente.

A totalidade do importe achegado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural será con cargo á aplicación **43.04.433A.781.1 (Código de Proxecto 2015 00349)**

Será compatible a percepción doutras axudas para o mesmo proxecto sempre que, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou

doutros entes públicos ou privados, non supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

### **Terceira: obrigas do beneficiario.**

A Diocese de Santiago estará obrigada a:

Contratar as empresas especializadas e os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o idóneo desenvolvemento dos traballos, de acordo coa lexislación de contratos do sector público.

Executar, no prazo de vixencia do convenio, a inversión obxecto deste.

Solicitar á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e ao resto das administracións competentes, os informes, as autorizacións e licenzas preceptivas das actuacións, así como de calquera modificación que xurda no seu desenvolvemento.

O beneficiario consinte expresamente na inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 de la Lei de subvencións de Galicia.

En todo o material gráfico e divulgativo que se realice do proxecto, engadirase a imaxe institucional da Xunta de Galicia e do resto das partes, como entidades colaboradoras e en especial no cartel no que se dea información das obras.

Contratar e promover a execución das obras conforme ao proxecto de intervención redactado con este obxecto, que deberá contar coa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC), e conforme ás determinacións e cautelas a prol da salvagarda do patrimonio cultural que conteña a resolución pola que se autorizan as obras.

Contratar ás persoas competentes que se vaian encargar da dirección facultativa das obras (dirección de obra, dirección de execución material das obras e coordinación de seguridade e saúde).

Comunicar á DXPC a data de inicio e recepción das obras para comprobar a adecuada xustificación da subvención aos efectos do previsto no art. 30.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Xustificar, en tempo e forma, de acordo coa forma indicada no convenio, os gastos realizados ao abeiro do mesmo.

Enviar á DXPC, unha vez finalizadas as intervencións, as memorias finais das intervencións na que se documente adecuadamente todo o proceso levado a cabo en todas e cada unha das fases das obras e para todas as disciplinas aplicadas, conforme determina o artigo 43.2 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia.

A Diocese de Santiago deberá comunicar á CCLX a data de inicio e a de recepción das obras, para que a CCLX poida comprobar a adecuada xustificación da subvención para o efecto do previsto no artigo 30.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **Cuarta: comisión paritaria.**

Noméase unha comisión mixta de seguimento e control integrada por dous membros de cada unha das partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

#### **Quinta: xustificación dos investimentos.**

Gastos subvencionables: considéranse subvencionables os gastos especificados no artigo 29 da Lei de Subvencións de Galicia, que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de vixencia do convenio.

Consideraranse subvencionables os gastos que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada dende o 1 de xaneiro do 2024 ata a data límite de vixencia do convenio.

Os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

De acordo co artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de vixencia do convenio.

Para a percepción das axudas concedidas será necesario presentar ante a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, orixinal ou copia compulsada da documentación que a seguir se relaciona.

Documentación que ten que presentar o beneficiario:

- Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste acordo, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, asinada polo órgano competente da entidade beneficiaria, que conterá:

- a) Unha certificación de obra asinada pola dirección facultativa das obras e a empresa adxudicataria, na que figure a conformidade da entidade beneficiaria, e no seu caso unha relación clasificada de gastos e investimentos, segundo o modelo que se xunta como anexo I.

- b) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, tiña solicitado o beneficiario.

- As facturas ou os documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.



- Extractos ou certificacións bancarias acreditativos do pagamento, por medios bancarios, das facturas que forman parte da conta xustificativa. No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberán xuntar unha relación delas.
- Declaración responsable expedida polo órgano competente da entidade beneficiaria, comprensiva das axudas percibidas ou solicitadas para este proxecto, na que se indique a entidade que a concede, a data e o importe total concedido, segundo o modelo que se xunta como anexo II.
- Declaración responsable de titularidade da conta bancaria (anexo III).
- Declaración responsable do órgano competente da entidade beneficiaria, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma (anexo IV).

Prazo para a presentación da documentación xustificativa: o prazo máximo de presentación será, para cada unha das dúas anualidades, o día 30 de novembro do ano correspondente.

Pagamento da subvención: o pago do importe previsto en cada anualidade realizarase logo de comprobar a xustificación presentada e a execución da porcentaxe da obra (en base ao custe) que se corresponda ca contía total para ese ano da axuda. No caso de non chegar ao porcentaxe fixado en cada ano, o pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención prevista ese ano efectivamente xustificada.

Pagamentos a conta: A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude poderá realizar en cada anualidade pagamentos a conta que responderán ao ritmo de execución das obras subvencionadas. O importe do pagamento a conta calcularase en aplicación da porcentaxe que supón a súa achega nese ano, sen que se poida superar a contía máxima prevista para cada anualidade. A contía restante, aboarase cando se xustifique a porcentaxe de obra realizado que equivale á totalidade do importe aportado en cada ano, segundo o establecido no parágrafo anterior

A Diocese de Santiago deberá presentar igualmente cando remate a totalidade da obra, a documentación xustificativa da realización da totalidade da obra. O pago do importe total da contía prevista en cada ano non será considerado pago a conta.

Os pagamentos a conta que realice a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude non poderán superar o 80% do importe total subvencionado para cada ano, debéndose reservar o 20% restante para derradeira xustificación anual a aportar xunto coa documentación correspondente á finalización da porcentaxe de obra correspondente.

No suposto de pagos a conta o beneficiario estará exento da obriga de constituír a garantía se o Consello da Xunta autoriza a exención que se lle solicitou en virtude do artigo 67.4 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

## **Sexta: Facultades da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.**

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e as comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude non asume máis obriga que a de transferir as cantidades previstas na cláusula segunda do presente convenio.

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

### **Sétima: Período de vixencia.**

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2025.

Previo informe favorable da Comisión de Seguimento poderán propoñerse e solicitarse prórrogas do período de vixencia deste convenio debéndose tramitar a oportuna addenda ao mesmo.

Admitiríanse xustificacións de pagos realizados desde o 1 de xaneiro de 2024.

Poderanse presentar xustificacións de pagos realizados ao longo do ano.

### **Oitava: Notificación electrónica.**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

### **Novena: Outras obrigas do beneficiario.**

A Diocese de Santiago queda obrigada a:

a) Non alterar o destino da achega.

- b) Realizar as correspondentes execucións segundo os documentos técnicos para desenvolver as diferentes actuacións expostas con anterioridade.
- c) Admitir as inspeccións e os controis que establezan os servizos técnicos da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- d) Efectuar a xustificación de gasto na forma preceptuada neste convenio.
- e) Prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Cuentas.
- f) O beneficiario deberá dar cumprimento aos deberes de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

#### **Décima: Subcontratación e reintegro.**

A entidade beneficiaria poderá subcontratar totalmente a actividade. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

Considérase subcontratación a concertación total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Quedan fóra deste concepto os gastos nos que ten que incurrir a entidade para a realización de seu da actividade subvencionada.

En todo o non previsto expresamente nesta cláusula para a subcontratación, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia e no artigo 43 do seu regulamento.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

#### **Décimo primeira: Réxime xurídico.**

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non solucionadas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

#### **Décimo segunda: Publicidade do convenio.**

Será de aplicación no relativo á publicidade e rexistro do convenio o disposto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na disposición adicional do Decreto 132/2006, de 27 de xullo, pola que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, de 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e comunicárase á Base de datos Nacional de Subvencións en cumprimento do disposto nos artigos 18 y 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

### **Décimo terceira: Modificación e rescisión do acordo.**

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan. E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubrícano por duplicado no lugar e na data expresados.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubrícano por duplicado exemplar no lugar e na data expresados.

O conselleiro de Cultura, Lingua e  
Xuventude

O Bispo da Diocese de Santiago

D. José López Campos

D. Francisco José Prieto Fernández

ANEXO I

MEMORIA ECONÓMICA DO CUSTO DAS ACTUACIÓNS

D/Dña \_\_\_\_\_  
con DNI \_\_\_\_\_, en nome e representación da  
entidade \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_

DECLARA

Que os gastos que de seguido se relacionan, teñen relación directa co convenio de  
colaboración asinado coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

| Acredor                | Nº fra. | Data fra. | Importe | Data pago |
|------------------------|---------|-----------|---------|-----------|
|                        |         |           |         |           |
|                        |         |           |         |           |
|                        |         |           |         |           |
| Suma dos investimentos |         |           |         |           |

Lugar e data

Sinatura

**ANEXO II**

DECLARACIÓN EXPRESA DAS AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO/A EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTENIR A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO DE AXUDAS.

Don/Dona \_\_\_\_\_  
con DNI \_\_\_\_\_, en nome e representación da  
entidade \_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que para a seguinte actuación \_\_\_\_\_,  
a devandita entidade solicitou ou obtivo as axudas e ingresos que se relacionan a  
continuación:

**AXUDAS/INGRESOS CONCEDIDOS**

| Organismos | Ano | Importe (€) | Disposición reguladora |
|------------|-----|-------------|------------------------|
|            |     |             |                        |
|            |     |             |                        |

**AXUDAS/INGRESOS SOLICITADOS**

| Organismos | Ano | Importe (€) | Disposición reguladora |
|------------|-----|-------------|------------------------|
|            |     |             |                        |
|            |     |             |                        |

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña, para as mesmas actuacións, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

B) Que non se atopa incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, asina esta declaración no lugar e na data abaixo indicados.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 2024.



### ANEXO III

#### DECLARACIÓN DE TITULARIDADE DE CONTA BANCARIA

Don/Dña \_\_\_\_\_,  
con DNI \_\_\_\_\_, en nome e representación da  
entidade \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_

#### DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que a entidade á cal represento é titular da conta corrente que de seguido se indica, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración.

IBAN (2 díxitos)

Entidade: (4 díxitos)

Sucursal: (4 díxitos)

Díxito de control: (2 díxitos)

Núm. de conta: (10 díxitos)

(Lugar e data)

(Sinatura)

#### ANEXO IV

Don/Dña \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_,  
en nome e representación da entidade \_\_\_\_\_, con  
CIF \_\_\_\_\_

#### DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Que non ten pendente ningunha obriga por reintegro de subvencións.

(Lugar e data)

(Sinatura)